



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10519I0S55	
Código de verificación  5Z6F 5G0P 0R2H 444T 0CLO	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 14-07-2025	

ANUNCIO DE SORTEO PUBLICO PREVISTO NA BASE 9.11 DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE BOLSAS DE COMEDOR PARA O CURSO 2025/2026

Publicado no BOP do 17/03/2025 a convocatoria para o pagamento de comedores escolares no ano 2025/2026, logo da súa aprobación pola Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025, o prazo de presentación de solicitudes quedou establecido do 18 de marzo ao 4 de abril do 2025.

Finalizado este prazo, as unidades administrativas do servizo tramitador, baixo a dirección da Xefatura de Acción Social, examinaron a documentación presentada coa solicitude de axuda. Para cada expediente, recóllense nos campos suplementarios do xestor documental Opencertiac as consideracións e antecedentes de cada expediente que atenden ás fases do proceso.

Revisados os expedientes, e determinada as faltas de documentación ou necesidade de emenda, abriuse un prazo de emenda do 23 de xuño ao 7 de xullo, ámbolos dous días incluídos, publicándose de conformidade co apartado 12 da convocatoria, un anuncio no taboleiro de edictos do Concello, dándose ademais publicidade na páxina web municipal e no teléfono de atención cidadá do 010.

Finalizado o período de emenda das solicitudes presentadas, realizouse o exame da documentación presentada e a derivada das consultas autorizadas polas persoas solicitantes e os membros da súa unidade familiar da información en poder de outras administracións, procede realizar a valoración das solicitudes presentadas con cargo á convocatoria polo órgano colexiado denominado “ mesa de valoración”.

O 11/07/2025 a Concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social acordou nomear os membros da mesa de avaliación de solicitudes presentadas á convocatoria de bolsas comedor para o curso escolar 2025/2026 (CSV 3Y4F 133T 4I3Z 575G 15XS), que será o órgano encargado de valorar as solicitudes presentadas aplicando o baremos establecido na convocatoria, que segundo o previsto no apartado 9, serán os seguintes:

9.8.- Serán denegadas todas aquelas solicitudes da axuda económica para comedor escolar que non alcancen unha puntuación de 10 puntos.

9.9.- As solicitudes de axudas que alcancen 10 ou máis puntos serán ordenadas de maior a menor puntuación.

9.10.- Poderán gozar da bolsa todas as solicitudes concedidas segundo a orde de prelación resultante da aplicación do disposto neste apartado, ata esgotar 2.253.000,00€ do crédito dispoñible. Reservaranse 53.000,00€ do devandito crédito para atender as variacións de importes, alegacións ou recursos daquelas solicitudes que puidesen ser obxecto de estimación.



Concello da Coruña

9.11.- Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, estableceranse como medidas de desempate os seguintes criterios:

1. Puntuación obtida no apartado de valoración Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
2. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear.
3. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación socio-familiar.
4. Maior puntuación obtida no apartado de valoración discapacidade da persoa solicitante e/ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

Se unha vez aplicados estes criterios persistise o empate, procederase a realizar un sorteo público para a concesión de bolsas ata esgotar o crédito. Para ese efecto publicarase unha lista dos expedientes das persoas solicitantes nas que se manteña o empate a pesar da aplicación dos criterios anteriores, indicando o día, hora e lugar no que se realizará o sorteo. O número asignado a cada persoa solicitante virá determinado polos catro díxitos finais do seu código de expediente.

No devandito sorteo, extraerase un número e resultarán beneficiarios o alumnado que teña asignado o número elixido e os posteriores en orde ascendente ata esgotar o crédito consignado na base 3.1. No caso de que o expediente co número maior da listaxe resulte beneficiario e aínda exista crédito dispoñible, continuarase a adxudicación de bolsas desde o expediente con número menor da listaxe e en orde ascendente

Comprobado o cumprimento dos requisitos do apartado 6, procedeuse a valoración das solicitudes que cumpren os requisitos, conforme aos criterios de valoración e a asignación de puntos recollidos na base 9. Rematada a dita valoración, as solicitudes ordenáronse por orden de prelación da puntuación ata agotar o crédito disponible do seguinte xeito:

1º.- Unha vez feita a prelación dos expedientes, considéranse concedidas as bolsas que gozan dunha concesión automática por concorrer as circunstancias do apartado 9.1 da convocatoria (39 expedientes) así como os expedientes que obtiveron na súa valoración un total de 15, 14, 13, 12 e 11 puntos (1799 expedientes). O total de expedientes que se atopan nesta situación é de 1838.

2º.- Entre os expedientes que obtiveron unha puntuación total de 10 puntos (1007 expedientes) detectase que non existe crédito suficiente na convocatoria para todos eles polo que, ante a existencia dun empate entre eles, procede aplicar os criterios de desempate previstos no apartado 9.11 da convocatoria que literalmente establece a prelación para os expedientes que teñan:

- Puntuación obtida no apartado de valoración incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras (9.4 da convocatoria).
Atendendo á aplicación deste criterio, considéranse concedidas un total de 182 bolsas.
- Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear (apartado 9.3 da convocatoria) .

Ordenados os expedientes atendendo a este criterio, resulta un empate entre os 766 expedientes que obtiveron neste apartado un total de 10 puntos, polo que resultando insuficiente o crédito para a concesión de todos eles, procédese ao sorteo previsto no apartado 9.11 in fine.

A estes efectos, publicarase co anuncio un documento denominado “ANEXO I: Listaxe de solicitudes con empate a 10 puntos para o sorteo_Uso público” (CSV 4U2E 554T 0V4I 5370 OKBE) aos efectos de informar as persoas interesadas sobre a situación do seu expediente.

No sorteo, extraerase un número e resultarán beneficiarios o alumnado que teña asignado o número elixido e os posteriores en orde ascendente ata esgotar o crédito consignado. No caso de que o expediente co número maior da listaxe resulte beneficiario e aínda exista crédito dispoñible, continuarase a adxudicación de bolsas desde o expediente con número menor da listaxe e en orde ascendente.



Concello da Coruña

A través da publicación no taboleiro de anuncios e edictos, anunciase a celebración dun sorteo publico para dirimir o empate existente entre 766 solicitudes, que se relacionan no Anexo I que se achega a este anuncio.

Este sorteo terá lugar o día 17 de xullo, as 9:00 horas, no Salón de Actos do Centro Cívico dos Mallos, sito na Avenida de Arteixo, 147, A Coruña.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

O órgano instrutor.

A xefa de servizo de Acción Social